



## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DE TRES PEÓNS DE ALBANEL A XORNADA PARCIAL PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE ROIS.**

### **PRIMEIRA.– Obxecto da convocatoria, modalidade de contratación e duración do contrato.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación de tres peóns de albanel a xornada parcial para a realización de obras e servizos mínimos no Concello de Rois baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 505), utilizando como sistema de selección o concurso-oposición, conforme ás bases do Programa PEL – Concellos 2026, de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (BOP número 197 do 15 de outubro de 2025).

Todo elo de conformidade co disposto no Real decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e demais disposicións de pertinente aplicación.

A relación laboral formalizarase mediante contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao amparo do Real Decreto Lei 32/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

A duración do contrato será de seis meses.

### **SEGUNDA: Financiamento e retribucións.**

A contía das retribucións e cotas da Corporación por seguridade social serán financiadas pola subvención do programa PEL–Concellos 2026, de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluída na Liña 1.1 do Plan de Emprego Local (PEL)

Os custos salariais e de Seguridade Social serán imputables ás partidas 241 131.22 e 241 160.00 do vixente orzamento.

As retribucións brutas mensuais serán de 1.450,22 € máis a parte proporcional da paga extra.

### **TERCEIRA: Publicidade de bases e convocatoria.**

A convocatoria, será publicada na páxina web do concello [www.rois.gal](http://www.rois.gal) no taboleiro de anuncios do concello e nun xornal de máis circulación da comarca, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.



As bases estarán publicadas na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

#### **CUARTA: Horario e tarefas encomendadas.**

O horario de traballo realizarase de luns a venres cunha xornada de traballo a tempo parcial (de 08:00 a 15:00 horas). A distribución do tempo de traballo será segundo as necesidades do servizo.

As tarefas a realizar serán as indicadas na memoria presentada polo Concello de Rois de solicitude de subvención á Deputación da Coruña de acordo coas Bases da subvención do programa PEL–Concellos 2026, de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (PEL 2026).

#### **QUINTA: REQUISITOS E CRITEIROS PARA A SELECCION DOS TRABALLADORES.**

##### **1. Requisitos dos aspirantes**

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
2. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
3. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitase. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
4. Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
5. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte.
6. Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
7. Encontrarse nalgunha das seguintes situacións de exclusión social de acordo coas bases do programa de integración laboral da Deputación da Coruña:
  - a) Mulleres ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
  - b) Maiores de 45 anos.



## CONCELLO DE ROIS

c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de un ano como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.

d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.

e) Persoas en situación de drogodependencia

f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.

g) Persoas con fogar monoparental ou monomarental

h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

i) Persoas vítimas de violencia de xénero.

j) Persoas sen fogar.

k) Menores de 30 anos.

Os requisitos 3 e 4 e 5 acreditaranse mediante declaración responsable.

### 2.- Selección dos aspirantes

Realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviado ao Concello de Rois, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina correspondente.

Os/as candidatos/as deberán presentarse na data e hora que a oficina Pública de Emprego requira ( ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina Pública de Emprego e o Concello de Rois acorden) nas dependencias municipais do Concello de Rois, co DNI e achegar o anexo I cuberto e asinado.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación .

No suposto que no período de duración do contrato tivese lugar a baixa dalgún traballador, o Concello non procederá a iniciar un novo proceso de selección, senón que chamarase ao seguinte candidato que figurase mellor valorado na proposta do Tribunal de selección.

### SEXTA.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixido ó sr. alcalde, en modelo que figura no ANEXO 1 e que se poderá descargar na páxina web do concello [www.rois.gal](http://www.rois.gal) e que tamén se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas presentes bases.

A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación, en orixinal ou



## CONCELLO DE ROIS

fotocopia debidamente compulsada:

A non presentación en tempo e forma suporá a exclusión do/a participante.

2.- Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar:

- Fotocopia autenticada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia autenticada dos títulos esixidos.  
Fotocopia do documento de alta e renovación de demanda de emprego (DARDE).
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 3,4, e 5, da base Quinta da presente convocatoria (Anexo I).
- Documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos relacionados no apartado sete da base quinta, que se realizará conforme se indica a continuación:

REQUISITO	ACREDITACIÓN
Mulleres e persoas maiores de 45 anos e menores de 30 anos	Fotocopia do DNI
Parados de longa duración (mínimo 1 ano como demandantes de emprego)	Informe de Vida Laboral actualizado
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido	Fotocopia autenticada do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente vixente na data de publicación da convocatoria.
Persoas en situación de drogodependencia, que vivan nun fogar no que ninguén dos seus membros teña emprego, fogar monoparental, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, vítimas de violencia de xénero ou sen fogar	Informe dos servizos sociais municipais.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados segundo o establecido na base sétima

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificados documentalmente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo.

Para os efectos de acreditación da formación mínima requirida admitirase a presentación de fotocopia da solicitude de expedición do título, se ben, neste suposto, débese acompañar da certificación académica de que se remataron os estudos correspondentes.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.



## CONCELLO DE ROIS

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

### **SÉTIMA.– Tribunal cualificador.**

O Tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas de admitidos e excluídos e da convocatoria da entrevista.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

### **NOVENA.– Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.**

Sistema de provisión:

#### **1) CONCURSO DE MÉRITOS.**

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polos aspirantes. No suposto de non constancia documental de méritos ou que a mesma sexa incompleta, imposibilitando o Tribunal a súa comprobación exacta ou determinación, non se terán en conta. Puntuarase conforme ó seguinte baremo (**ata un máximo de 6 puntos**).

##### **A) Experiencia profesional.** Ata un máximo de catro puntos.

A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes na administración pública , 0,20 puntos por mes ata un máximo de 2,00 puntos



## CONCELLO DE ROIS

---

Polo desempeño de postos de traballo semellantes en empresas privadas, 0,10 puntos por mes traballado ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días.

A prestación de servizos deberase acreditar con copia cotexada dos contratos de traballo ou dos certificados de empresa, así como, no seu caso, informe da persoa ou órgano competente, do contido e calidade dos traballos realizados e máis o informe de vida laboral.

**B) Formación.-** Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de **1 puntos**:

- De 15 a 50 horas: 0,25 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,50 puntos
- Mais de 100 horas: 1 punto

**C) Ter Rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e financiados polas Administracións Públicas**, o que se xustificará mediante a presentación do correspondente título acreditativo. Concederase 0,25 por cada programa xustificado ata un máximo de 1 punto.

## **2) ENTREVISTA PERSOAL**

Consistirá en avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ó posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio. Puntuarase ata un máximo de **4,00 puntos**.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na páxina web do concello.

## **DÉCIMA.–Proposta de aprobado.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado na paxina web do concello os aspirantes aprobados coa puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor do aspirante que obtivera a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal, incluírase unha relación dos aspirantes, por orde de puntuación, que non foran incluídos na lista de aprobados e proposta de nomeamento, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de



## CONCELLO DE ROIS

---

licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia do seleccionado.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada na paxina web do concello.

### **UNDÉCIMA.–Formalización do contrato.**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e ao seu chamamento para a súa incorporación.

Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura dos contratos, o aspirantes contratado deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

### **DUODÉCIMA.– Normas finais.**

Primeira.– Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.– Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios do concello.

Terceira.– Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**O secretario**

**Diego Losada Romero**



**ANEXO I**

**MODELO DE SOLICITUDE PROCESO DE SELECCIÓN 3 PEÓNS DE ALBANEL A XORNADA PARCIAL PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DE ROIS**

D/D<sup>a</sup>.....,  
con DNI número ....., e domicilio, para os efectos de notificación,  
en.....C.P.....  
e-mail.....Teléfono.....

**Expón:**

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo enriba indicado mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía.

Para tal efecto fai constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na Base Quinta da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

**Documentación que achega:**

-  
-  
-

**Solicita:**

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria e praza solicitada, así como que acata integramente o contido das bases.

Rois ..... de ..... de 2026  
Asdo.